



## PROBAS DE ACCESO 2022/2023 | MONÓLOGO 3

Non hai que pagar, non temos nada que pagar, enténdelo? Non temos nada que pagar. Non debemos nada, eu non lle debo nada a ninguén...

As pedras, parece que saen da terra, ando a esfrangullar cachotes todo o día, doulle á xente algo de música pra a cabeza, o que fago é virtual, doulles esquecementos a aqueles que queiran esquecer. Esquecen que esquecen, non lle ves o detalle, esquecen que esquecen...

Hai tres tipos de persoa, as que están sometidas á lei, a lei do máis forte, as que a fan, a rexen, a escriben, a ditán, te deteñen, te encerran... que xulgan sen comprender o por que do como, e as que están por riba das leis, por riba dos mandamentos.

Vale, pois eu estou por riba, papá, tanto por riba, que ti, ti cres que estou no quinto carallo embaixo, iso é grave non é?

Asimilación do programa, ASI-MI-LAR.

Mastiga amodiño, non vaia ser que che doia a barriga. Dóeme a barriga pero non asimilei nada. Gaño nun día o que ti gañas nun mes, oito horas ó día diante da túa moto. Gaño iso nun día erguéndome a mediodía, así que como queres que faga pra volverme atrás... si, estou ardendo, estou ardendo...

Non hai que pagar o prezo que custa, non hai nada que pagar, que paguen eles, eu non, hostia!

Todos eses rapazolos que matan sen que os avisasen, dinche *-buá*, aí vai escuro, non se pode ir de noite... pois eu cada noite vou, cólganos a plena luz do día, ós rapaces coma no matadoiro, coma no matadoiro, papá! aí dándolle ó gancho todo o día, cólganos do gancho, enténdelo? Métenche o gancho polo lombo e súbencho ata a gorxa. Non hai nada que pagar, que paguen eles, eu non.

*Crónicas de noites enteiras e días enteiros*, de Xavier Durringuer.  
Tradución do francés de Ana Buján e Alfredo Rodríguez.